



O *curriculum* e a Carta de presentación son dúas ferramentas para presentarnos a un posto de traballo. Serven para que a empresa que busca traballadores saiba quen opta ao posto, como contactar cos candidatos, que lle poden aportar, a súa formación e experiencia.



Actividade 1: CURRICULUM LABORAL

Imos elaborar un *curriculum* laboral para presentarnos a un posto de traballo. Realizaremos primeiro un currículo tradicional por escrito empregando un procesador de textos.



Tarefa 1.1: Un posto de traballo

Escribe no teu caderno os seguintes pasos:

1. Pensa e escribe o posto de traballo ao que queres optar.
2. Reflexiona e responde:
 - Que tarefas se desempeñan nese posto?
 - Que formación é necesaria?
 - Que habilidades persoais serían adecuadas?



Tarefa 1.2: Elixo un modelo de *curriculum*:

🔗 Información en Aula Virtual: *Manual Taller CV*.

- a) Modelo cronolóxico
- b) Modelo funcional
- c) Modelo combinado



Tarefa 1.3: Selecciona unha plantilla e comeza o *curriculum*.

🔗 Plantillas: <http://www.modelocurriculum.net/>



Actividade 2: CURRICULUM VITAE EN LIÑA

Hoxe en día empréganse cada vez máis os currículos laborais tipo *web*. Neles, é moi importante o deseño e os aspectos visuais.



Tarefa 2. Empregando a información que escolliches no currículo escrito da Actividade 1, elabora agora un *currículum* en liña:

- Emprega algunha ferramenta de deseño *web* (como *Canva*).
- Podes inspirarte nos seguintes exemplos:
<https://es.vexels.com/vectores-gratis/cv/>



Actividade 3: CARTA DE PRESENTACIÓN

Para destacar sobre os demais candidatos, é útil acompañar o *curriculum* dunha carta de presentación. Trátase dun documento no que o candidato preséntase dun xeito máis persoal, indicando por que é idóneo para o posto de traballo.



Tarefa 3. Baseándote na información que escolliches no currículo escrito da Actividade 1, elabora agora unha Carta de presentación:

- Aínda que o contido da carta debe ser breve, medio folio aproximadamente, a carta completa debe ocupar unha cara. Nela debe figurar:
 - Data.
 - Os datos persoais do candidato.
 - A que responsable da empresa está dirixida a carta.
 - O corpo da Carta, onde o candidato sinala por que se presenta ao posto e que lle pode aportar.
 - Despedida formal e sinatura.
- Busca exemplos de Cartas de presentación, segue os consellos do Manual colgado na Aula Virtual (páxina 28: estrutura da Carta) e elabora a túa Carta de presentación.



Actividade 4: VIDEO-CURRICULUM

O xeito máis novidosos de presentarse a un posto de traballo é facendo un vídeo-curriculum. Trátase dun vídeo no que o candidato se presenta, explica que pode aportar á empresa e ao posto de traballo ao que opta e indica os seus datos de contacto.



Tarefa 4. Baseándote na información que escolliches no currículo escrito da Actividade 1, realiza agora un vídeo-curriculum:

- Elabora un breve guión do que vas dicir. O vídeo debe durar uns 3 ou 4 minutos.
- Ensaia: coida a postura, a entoación, o aspecto.
- Grava o vídeo e entrégao pola Aula Virtual.